



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL DO IES PLURILINGÜE ELVIÑA (Curso 2018/19)

CAPITULO III

DOCUMENTO 7

PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PREVISTAS PARA O CURSO 2018/2019

(Aprobado en claustro de 10/10 de 2018
e consello escolar de 11/10 de 2018)

1. INTRODUCCIÓN

Xustificación do plan anual de actividades extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares forman parte dun plan integral educativo destinado á formación dos estudantes nos diferentes ámbitos didácticos, non só nos evidentemente académicos dos contidos conceptuais das distintas disciplinas senon tamén nos contidos transversais que vertebran todo o currículo da secundaria en relación coas diversas competencias clave. Neste sentido, as seguintes páxinas reflicten o compromiso da directiva e do profesorado do IES Elviña na formación integral dos rapaces e rapazas do centro no marco competencial definido pola lei 86/2015 de mellora da calidade educativa, que establece o currículo de secundaria e bacharelato.

Así, os diversos departamentos didácticos e a vicedirección do instituto, aproveitando a variedade de actividades que as diferentes administracións públicas ofrecen dentro da cidade da Coruña (Concello, Deputacións, institucións sen ánimo de lucro, asociacións culturais, fundacións, etc.) e as programacións dos teatros, museos e salas de proxección, fan a proposta de actividades anuais para o curso 2018/19 que se reflicte nestas páxinas. Todas as actividades propostas, polo tanto, redundan en aspectos educativos da formación do individuo tales como a convivencia, os valores democráticos, o respecto pola igualdade entre homes e mulleres, a defensa da liberdade no ámbito legal e persoal (como a identidade sexual ou xenérica, os dereitos da muller, o dereito ao traballo digno e á vivenda, o compromiso co emprendemento, etc.).

Algunhas das actividades desta planificación anual dependen aínda de valoración ou autorización. En todo caso, representan unha mostra da variedade e intención do Plan de formación proposto na Programación Xeral Anual do IES. Pola mesma razón, a provisionalidade de todo o que se anticipa no tempo coma previsión continxente, é previsible a realización de moitas máis actividades segundo xurdan ao longo do curso.

2. A BIBLIOTECA DO CENTRO

A Biblioteca do IES Plurilingüe Elviña está situada na planta baixa do edificio, nun espazo amplo duns 50 m² e consta de preto de 5000 libros, principalmente obras de lectura en castelán, galego, inglés e francés. Conta tamén con unha importante cantidade de obras de consulta e con varios puntos TIC, con rede wifi propia dependente da sinal da Consellería, nos que o alumnado pode facer consultas e traballos para as aulas. A Biblioteca está integrada no Plambe desde hai anos e ten os seus fondos dispoñibles e permanentemente



actualizados na plataforma do Proxecto Meiga de Bibliotecas Públicas de Galicia. A persoa encargada da Biblioteca (Alba Lorenzo Buyo) encárgase da xestión e organización do espazo no seu horario de gardas.

Horario da Biblioteca do instituto. Curso 2018/19

- luns a venres: 10:10-10:30 e de 12:10-12:30 horas
- venres: 09:20-10:10 e 10:30-11:20 horas

Uso da Biblioteca e dos ordenadores da Biblioteca

O espazo da *Biblioteca escolar* está rexido por unhas normas básicas adoptadas polo equipo de Biblioteca de centro. Estas normas recollen uns criterios de comportamento e unhas directrices para o préstamo de libros e para o uso dos computadores da Biblioteca escolar. Estas normas estarán a disposición do alumnado e se colocarán nun lugar visible no mesmo recinto da Biblioteca escolar para o coñecemento de todo o alumnado que desexe utilizala.

- O uso da sala de lectura da Biblioteca obriga a permanecer en silencio para non perturbar o traballo dos demais usuarios. Na Biblioteca escolar NON se pode:
 - a. pintar nas mesas, o que realice algunha pintada é o responsable da súa reparación.
 - b. comer, beber, por suposto, fumar.
 - c. entrar con móbiles en funcionamento, aparellos de música, balóns, ou calquera outro elemento que afecte á orde.
 - d. andar deambulando dun lugar a outro, curioseando e sen traballar. Ou ben realizar actos que entorpezan as actividades e funcións de todas as persoas que participan na Biblioteca. Hai que comportarse con educación e respecto cos compañeiros e o persoal responsable, seguindo en todo momento as súas indicacións.
 - e. facer ruídos innecesarios, gritar, falar en voz alta...
 - f. tratar indebidamente os fondos: non deben subliñarse, mancharse, pintarse...
 - g. na Biblioteca do centro estarán vixentes as mesmas normas de conduta e convivencia polas que se rexe todo o instituto e que se reflicten no punto 6 do Plan de convivencia.

Cando a Biblioteca sexa utilizada por profesorado non membro do equipo de biblioteca do centro, este deberá apuntarse na folla de control que hai na mesa, indicando a causa do uso. Se o alumnado utiliza calquera computador dos que hai na Biblioteca, o profesor/a debe comprobar que se anota na folla correspondente.

Servizo de préstamo

Dependerá dos seguintes criterios:

- Pódese levar en préstamo libros, vídeos, CDs, DVDs e revistas.
- Os libros prestaranse por un período de 15 días, renovable unicamente por outros 15. As películas do alumnado serán prestadas os venres e entregadas o luns.
- Os alumnos non poderán retirar os libros sen o consentimento da persoa encargada, debendo entregalo aos responsables, quen o fichará no programa MEIGA.
- O profesorado encargado da biblioteca rexistrará o préstamo.
- Devolverase ao profesor que nese momento se ocupe da biblioteca.
- Os materiais pódense ter na casa un máximo de 15 días (agás os audiovisuais que só se poden levar dous días). Pasado este tempo hai que devolvelos ou renovar o préstamo.
- Se se incumpren reiteradamente os prazos de devolución perderase o dereito a levar materiais en préstamo durante algún tempo.



- O deterioro ou perda dos materiais suporá a súa reposición ou abono en metálico.

Uso dos computadores

O uso dos 8 computadores da Biblioteca debe seguir os seguintes criterios:

- Non se poden usar os computadores para redes sociais, consultar páxinas expresamente prohibidas pola normativa educativa, nin o correo persoal, agás que teña que ver con algunha indicación dalgún profesor.
- Para utilizar os da columna cada alumno/a debe apuntarse na folla correspondente. Cada un dos computadores non pode ser utilizado por máis de dous alumnos/as.
- Para o uso dos outros catro cada alumno/a debe apuntarse nunha libreta que hai na mesa do/a responsable da Biblioteca, seguindo as indicacións que alí se recollen.

3. SÍNTESE DO PLAN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PARA O CURSO 2018/2019

O *Plan de actividades* do presente curso propón o seguinte grupo de actividades, que se desenvolven e concretan no punto 3:

Actividades complementarias:

I. Actividades dos plans educativos do Concello da Coruña: actividades de carácter cívico social (prevención de drogodependencias, prevención do acoso escolar e o ciberacoso, educación viaria, educación en valores democráticos, obradoiros de educación afectivo-sexual) e actividades musicais (concertos didácticos e ensaios públicos da OSGA).

II. Actividades ofertadas por outras institucións públicas e privadas locais ou por organizacións sen ánimo de lucro: concertos do patronato *Pórtico das Artes*, actividades en museos públicos (visita ao Museo de Arte Contemporáneo, exposicións da Fundación ABANCA e da Fundación Barrié, visita á casa-museo de Emilia Pardo Bazán).

III. Representacións teatrais realizadas por alumnado do centro ou por grupos escénicos da cidade dentro das dependencias do instituto. Creación dun grupo de teatro formado por alumnado do instituto.

IV. Actividades de fomento á lectura desenvolvidas no Proxecto da Biblioteca Escolar, os clubs de lectura, o equipo de dinamización de lingua galega e os departamentos de linguas: charlas con escritores, lecturas públicas, recitais poéticos, concursos de relatos, visita a bibliotecas públicas da cidade, etc.

V. Visitas e actividades didácticas dentro do centro promovidas polo departamentos: obradoiros de traballo dados aos alumnos no centro (obradoiros de *Comercio xusto*, *Economía financeira*, primeiros auxilios, etc.), conferencias varias sobre contidos científicos dos departamentos, exposicións de traballos externos e internos, etc.

VI. Visitas e actividades didácticas dentro da cidade promovidas polos departamentos: visita ao Castro de Elviña, Torre de Hércules, Museo arqueolóxico-castelo de San Antón, Biblioteca González Garcés, Casa-Museo de Emilia Pardo Bazán, instalacións de La Voz de Galicia, etc.



VII. Saídas para asistencia a eventos diversos (proxeccións cinematográficas, representacións teatrais, actividades de cara o público...): *Día da Ciencia* na rúa (previsiblemente sábado 4 de Maio) no Parque de Santa Margarita, asistencia ás representacións teatrais das funcións escolares do Teatro Rosalía, do Fórum Metropolitano e do Teatro Rosalía de Castro, xornadas de teatro escolar, xornadas de teatro clásico...

VIII. Conmemoracións festivas que forman parte de contidos dos departamentos e de contidos transversais: día das linguas, magosto, Samaín, día da paz, día da muller traballadora, día contra a violencia de xénero, entroido, día do libro, día das letras galegas, día mundial do Medio Ambiente.

IX. Actividades desenvolvidas nos proxectos do *Departamento de dinamización lingüística* para a potenciación da lingua galega: *Correlingua*, intercambio de alumnado co Instituto "Agra de Leborís".

Actividades extraescolares:

IX. Excursións e viaxes culturais ou de lecer: o centro oferta anualmente unha actividade deportiva para a práctica do esquí organizada para o 2º ciclo de ESO e 1º curso de Bacharelato polo departamento de Educación física. Ademais desta viaxe, que ten carácter fixo, o mesmo departamento de Educación física propón unha viaxe semellante dun fin de semana á estación invernal de Leitariegos no segundo trimestre dirixida ao alumnado de 1º e 2º de ESO, o departamento de linguas clásicas plantexa a posibilidade de dúas viaxes pendentes da resposta das familias e do alumnado, unha a Madrid en colaboración co departamento de plástica e outra a Grecia co alumnado de Bacharelato que, eventualmente, obteña bolsa de axudas da SEEC, viaxe a algún punto de Galicia ou Portugal para as actividades do *Proxecto Terra* (viaxe de coñecemento do entorno).

X. Festivais músico-culturais de fins de trimestre. Actos de graduación da promoción anual de Bacharelato. Todos os anos, celébranse no centro actos lúdicos para celebrar o fin de cada trimestre, no que o alumnado participa coa súa presenza (monólogos e esceas de teatro, recitado de textos poéticos, actuacións musicais) baixo a dirección da profesora de música. Asimesmo, ao rematar o curso de 2º de Bacharelato, organízase unha recepción de familias e un acto de graduación para o alumnado.

XI. Competicións deportivas e de lecer fóra de horario lectivo: organízase unha sesión de sendeirismo para alumnado e profesorado, actividades deportivas a tarde dos luns, liga de ping-pong co alumnado de ESO.

XII. Concursos promovidos polos distintos departamentos, concursos externos nos que se impulse a participación do alumnado. Participación no Concurso de Monólogos cómicos en galego por parte do alumnado de ESO coa dirección do departamento de lingua galega.

XIII. Outras actividades extraescolares desenvolvidas nos espazos do centro polas tardes: actividades plurilingües ofertadas polo departamento de inglés coa colaboración da auxiliar de lingua (bolseira Fulbright) do centro, actividade de patinaxe os venres (a proposta da ANPA do centro), plantación de árbores e plantas no xardín botánico do centro.

4. PLAN DE ACTIVIDADES PREVISTAS PARA O CURSO 2018/2019 (EXTENDIDO)

A. Actividades vencelladas aos Plans educativos do Concello:



A.1. Actividades cívico-sociais:

A.1.a. Programas de prevención de drogodependencias: destinados a todos os cursos da ESO. Impartiránse nas aulas de tutoría de cada curso por profesionais designados polo concello. Temporalización: impartidos no primeiro trimestre do curso. Depto. responsable: Orientación.

A.1.b. Programas de educación en valores: valores socioculturais da comunidade xitana, obradoiros de educación afectivo-sexual, destinados ao alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º de ESO. Temporalización: impartidos no primeiro trimestre. Depto. responsable: Orientación.

A.1.c. Programas de Educación para a igualdade: respecto á diversidade, desenvolvemento de habilidades sociais, prevención de acoso nas relacións de parella, obradoiros de socialización diferenciada. Programas destinados aos cursos de 1º e 4º de ESO. Depto. responsable: Orientación.

A.1.d. Programas de prevención para usuarios informáticos: obradoiros de prevención no uso de internet, redes sociais e xogos interactivos e de prevención asociados a uso das redes sociais. Destinados preferentemente a 1º de ESO. Temporalización: segundo trimestre. Depto. responsable: Orientación.

A.1.e. Programas de prevención e xestión de conflitos. Destinados ao alumnado de 3º de ESO. Temporalización: 2º trimestre. Depto. responsable: Orientación.

A.1.f. Programas de Educación viaria: charlas de sensibilización sobre educación viaria impartidas por membros da policía local e nacional. Destinadas a todos os cursos de ESO. Impartiránse nas horas de tutoría por membros da policía municipal. Temporalización: a que indiquen as autoridades. Depto. responsable: Orientación.

A.1.g. Plan director da Policía Nacional: charlas de concienciación dirixidas ao alumnado de 1º e 2º de ESO impartidas por un inspector da Policía Nacional sobre aspectos coma o *ciberacoso* ou o *acoso escolar*.

A.2. Actividades musicais:

A.2.a. Ensaio abertos da Orquestra Sinfónica de Galicia: ensaios oficiais abertos destinados a público de educación secundaria. Participan rapaces de 2º, 3º, 4º de ESO e 1º de Bacharelato. Temporalización: nos tres trimestres (meses de Novembro, Decembro, Marzo e Abril). Dpto. responsable: Música.

B. Actividades propostas por Museos e Organizacións locais sen ánimo de lucro dentro das instalacións do centro.

B.1. Concertos didácticos:

O patronato "Pórtico das Artes", no eido do Encontro Internacional de Música de Pulso e Púa en Galicia-2017 trae ao instituto ao guitarrista arxentino Augusto Gabriel Ayala cun programa educativo de *Ritmos da música arxentina* destinado a educación secundaria. Alumnado implicado: 3º de ESO. Temporalización: primeiro trimestre. Depto. responsable: Vicedirección, Música.



B.2. Representacións teatrais:

O grupo teatral local *Noite meiga* dirixido polo exprofesor do centro Ricardo Martín ofrece unha representación no mes de outubro da obra *Antígona*, actualizada para o público escolar e adaptada ao mundo moderno. A representación irá destinada ao alumnado de Cultura clásica de 3º de ESO e ao alumnado de Latín de 4º e Bacharelato. Dpto. de Linguas clásicas, vicedirección.

B.2. Obradoiros de traballo na aula ofrecidos por diversas asociacións e vinculados a programación didáctica dos Departamentos:

- obradoiros da Fundación Amigó: serán obradoiros sobre Control de ira e tratamento dos conflitos familiares no marco do *Proyecto convivendo* da Fundación Amigó. Este obradoiros impartiránse en dúas sesións de 50 minutos a todo o alumnado de 1º de ESO. Temporalización: días 24, 27 e 31 de Outubro, e 2 de Novembro. Dpto. responsable: Orientación.
- creación dun grupo de teatro formado por alumnado do instituto. Dpto. responsable: Lingua galega coa colaboración doutros departamentos.
- Charla sobre voluntariado europeo da Asociación Muxelca. Destinada ao alumnado de 1º de Bacharelato. Temporalización: mes de Novembro. Dpto. responsable: vicedirección, Inglés, Francés.
- obradoiros de *Publicidade nos medios* e de *Banca ética*, ofrecidos ao alumnado de Economía de 1º Bacharelato, dentro da programación do Dpto. de Economía. Temporalización: mes de xaneiro.
- obradoiros de *Comercio xusto*, ofrecido ao alumnado de Economía de 2º e 4º ESO B, dentro da programación do Dpto. de Economía. Temporalización: mes de xaneiro.
- obradoiros de primeiros auxilios de Cruz Vermella e Protección civil, ofrecidos para o alumnado de ESO no segundo trimestre do curso. Organizados polo Dpto. de Educación Física.
- obradoiros sobre *Economía circular* e *Comercio electrónico* para alumnado de educación financeira de 2º ESO. Dpto. Economía.
- charlas informativas e obradoiros de educación financeira por persoa de ABANCA, destinada ao alumnado de 4º ESO (no segundo trimestre, en data por determinar). Dpto. de Economía.
- desenvolvemento do proxecto dun *Mercadillo solidario*. Este proxecto podería desenvolverse na 1ª quincena de decembro coa colaboración do alumnado de 2º ESO como actividade práctica dentro do curso de Educación financeira que se imparte no nivel. O diñeiro recaudado entregarase a unha ONG local. Dpto. de Economía.
- obradoiros de literatura para o alumnado de 1º de Bacharelato, 4º de ESO, 3º de ESO e para os rapaces e rapazas dos clubs de lectura de 1º de ESO. Data por determinar. Dpto. responsable: Lingua galega, dinamización da Biblioteca.



- participación na actividade de simulación de empresas virtual *RETOALCOA* e no *Young bussines talent* con todo o alumnado de economía do centro. Dpto. Economía.
- Xornada dos *Recreadores de Galicia*. Organización sen ánimo de lucro que organiza actividades didácticas sobre a vida e os costumes da antigüidade. Actividade destinada aos grupos de linguas clásicas de 4º e Bach. Depto. responsable: Linguas clásicas.
- Programa Ponte ofertado por Ana Suárez Piñeiro. Dpto. responsable: Linguas clásicas.
- Colaboración co Programa municipal "Radio en valor" para alumnado de 1º de ESO, no que o alumnado terá que preparar unha emisión radiofónica para o programa "Hoy por hoy" da Cádena SER. Dpto. responsable: lingua inglesa, lingua española, lingua galega.

C. Viaxes e excursións.

C.1. Excursión anual do alumnado de ESO: semana branca. Excursión lúdica a unha zona de montaña (Andorra) para facer actividades deportivas relacionadas co esquí. Afectará ao alumnado de 3º e 4º de ESO. Temporalización: na segunda ou terceira semana de Xaneiro. Departamento afectado: Educación Física.

C.2. Excursión anual do alumnado de 1º e 2º ESO: fin de semana branco. Excursión lúdico-deportiva á estación invernal de Leitariegos (León) para a práctica do esquí. Afectará ao alumnado de 1º e 2º de ESO no segundo trimestre (mes de febreiro, probablemente). Departamento afectado: educación física.

C.3. Viaxe cultural a Madrid destinada ao alumnado de 4º de ESO: organízase coma unha actividade que combina cualidades culturais (visita aos museos da cidade, recorrido polo casco histórico de Madrid, asistencia a unha representación teatral) e de lecer (visita ao parque de atraccións e ao parque zoolóxico da cidade, realización de probas físicas monitorizadas). Temporalización: entre o 24 e o 30 de Maio de 2018. Departamento afectado: vicedirección.

C.4. Viaxe didáctica a Grecia coa Sociedade Española de Estudios Clásicos (SEEC). É unha proposta do Departamento de Linguas clásicas destinada ao alumnado de 2º de Bacharelato que estudia latín e grego. A actividade desenvolveríase nas xornadas de Antroido. Temporalización: febreiro.

C.5. Viaxe didáctica a Madrid para facer percorrido polos principais museos nacionais. Estaría destinada ao alumnado de Bacharelato e organizada conxuntamente polos departamentos de plástica e linguas clásicas. Temporalización: no segundo ou terceiro trimestre (meses de Abril/ Maio). Esta excursión dependerá da disponibilidad de tempo e das posibilidades de reunir a un número suficiente de alumnos.

C.6. Viaxe didáctica a Santiago de Compostela con alumnado de Bacharelato (Educación Gráfico-plástica e Debuxo Técnico) para visitar a *Cidade da Cultura* e o *Centro Galego de Arte Contemporánea*. Realizaríase no segundo trimestre. Esta actividade é alternativa para a excursión anterior no caso de non poder definitivamente realizarse.

C.7. Viaxe de un día a Santiago de Compostela como parte do Programa "coñece as túas institucións" da Consellería de educación para acceder en visita guiada ao Parlamento de Galicia e ás dependencias administrativas da Xunta en San Caetano. Actividade destinado aos grupos de 1º de ESO (terceiro trimestre).



C.8. Viaxe cultural a algún punto de Galicia, dentro das actividades desenvolvidas no *Proxecto Terra*. Actividade concedida para a súa realización no mes de Abril. Enfócase para o alumnado de 3º e 4º de ESO que traballa na aula os contidos do Programa *Pagus* deste proxecto. Depto. responsable: Xeografía e Historia, dinamización lingüística.

C.9. Viaxe a Santiago de Compostela polo alumnado de Linguas clásicas para participar nos *Ludi compostellani* (Facultade de filoloxía da *usc*) no mes de abril. Dpto. responsable: linguas clásicas.

C.10. Viaxe a Narón para unha visita guiada ás instalacións de *Pull & Bear* o día 27 de marzo de 2019 para todo o alumnado cursante de Economía de Bacharelato e 4º de ESO. Dpto. responsable: Economía.

D. Actividades dentro da cidade promovidas polos diversos Departamentos.

D.1. Saídas e visitas didácticas. Todos os departamentos didácticos propoñen saídas locais para actividades didácticas. Estas actividades concrétnanse ao longo do tempo:

- visita guiada á exposición permanente do Museo de Belas Artes da Coruña para alumnado de 1º de Bacharelato (mes de Xaneiro). Depto. de Xeografía e Historia.
- visita á Casa-Museo de Emilia Pardo Bazán. Destinada a alumnos de 4º de ESO e 1º Bacharelato. Realizarase no mes de Abril. Depto. de Lingua castelá e literatura.
- visita á sede central da Axencia Tributaria na Coruña (Edificio de Facenda de R/ Comandantes Fontanes) o día 23 de xaneiro de 2019 co alumnado de Economía de 4º ESO. Dpto. Economía.
- visita ao Museo histórico-arqueolóxico da Coruña (Castelo de San Antón) para alumnado de 3º de ESO. Depto. de clásicas e Xeografía e Historia. A temporalización da actividade depende, neste caso, das indicacións do propio museo.
- visita guiada á cidade vella da Coruña como parte do programa educativo *A cidade medieval* para alumnado de 2º ESO (mes de xaneiro ou febreiro). Dpto. de Xeografía e Historia.
- saída dos alumnos e alumnas de francés no segundo trimestre (mes de febreiro) para visitar as instalacións da *Alliance Française* da cidade.
- día da ciencia na rúa o día 5 de maio no Parque de Santa Margarida organizado e desenvolvido por membros do Departamento de matemáticas.
- visita a unha biblioteca pública, probablemente a González Garcés (segundo ou terceiro trimestre) por parte de alumnos de 1º de ESO e con profesores do Dpto. de Lingua castelá e literatura.
- visita ao Arquivo do Reino de Galicia por alumnado de 2º de Bacharelato no mes de xaneiro. Dpto. de Xeografía e Historia.
- visita guiada ao Castro de Elviña (sen temporalizar, pendentas da información que remitan os responsables do Concello) polo alumnado de Cultura Clásica e Latín (3º e 4º de ESO).
- visita guiada ao Porto da Coruña para alumnado de 1º e 3º de ESO nos meses de xaneiro e febreiro para desenvolver unha unidade didáctica sobre sistemas económicos do Dpto. de Xeografía e Historia.
- Visita guiada á Torre de Hércules co alumnado de Cultura Clásica (3º ESO, 4º ESO e 1º BACH) no mes de abril. Dpto. de Linguas clásicas.
- Visita dun día aos alumnos do IES Agra de Leborís (A Laracha) cos alumnos de 3º de ESO. Actividade de interacción cun alumnado dun contexto social galegofalante. Temporalización: 3º trimestre. Departamento de dinamización lingüística.



- Visita ao escenario da Batalla de Elviña con guías especializados en lingua inglesa. Actividade dirixida ao alumnado de 2º ciclo de ESO para o segundo trimestre. Dpto. de lingua inglesa.

D.2. Asistencia a obras de teatro ofertadas aos centros de estudio: obras representadas no *Fórum Metropolitano* e na rede de teatros locais (Teatro Colón, Teatro Rosalía de Castro). Estas asistencias teatrais desenvolveránse ao longo do curso na medida en que se vaian ofertando por parte das institucións culturais locais. En todo caso, pódese contar con seguridade coas seguintes:

- representación de *Mosca* na tempada teatral do Fórum metropolitano para alumnado de 1º de Bacharelato o día 14 de Novembro ás 11:30 horas (Dpto. de Lingua castelá e literatura).
- *xornadas de teatro grecolatino* no teatro Colón da cidade (obras aínda por determinar), promovidas polo Departamento de Linguas clásicas. Temporalización: día 07/03/2018 ás 12:00 e ás 17:00 horas. Destinada ao alumnado de linguas clásicas de 4º de ESO, 1º e 2º de Bacharelato.

D.3. Actividades deportivas: promovidas principalmente polo Departamento de Educación Física en colaboración coa vicedirección, propóñense múltiples actividades deportivas ao longo do curso. Inclúense:

- a) as actividades de deportes de inverno para o 1º trimestre (decembro: patinaxe en pista de xeo no centro Marineda City, para 1º e 2º curso de ESO)
- b) "viaxe branca" á neve para a práctica de esquí, xa referida, realizarase na última semana de xaneiro e primeira de febreiro de 2019
- c) actividades mariñas no 3º trimestre (marzo de 2019: curso de vela no Club Náutico da Coruña, para grupos de 1º e 2º de ESO)
- d) unha xornada de sendeirismo para todo o alumnado do centro, con saída do Portiño (xuño de 2019).
- e) Outras actividades secuencianse no 2º trimestre, como a escalada no rocódromo de riazor (mes non determinado, actividade para alumnado de 1º e 2º de ESO).
- f) unha xornada para celebrar o día do deporte: maio de 2019, destinada a todo o alumnado do centro que participa en competicións deportivas.
- g) actividade para a práctica do kayak destinada a todos os cursos da ESO e 1º Bacharelato. Previsiblemente no terceiro trimestre.
- g) actividades extraescolares da tarde dos luns: liguiñas deportivas de fútbol, balonmán e baloncesto. Para todo o alumnado e todo o curso.

E. Festivais músico-culturais de fin de trimestre e fin de curso. Constitúense coma actividades lúdico-festivas de carácter musical e cultural (interpretacións musicais, lectura de textos, representacións de breves secuencias teatrais, proxección de traballos filmados, etc.) Temporalización: o día 21 de Decembro (festival de Nadal) e o día 22 de Xuño (festival de Fin de curso).

F. Conmemoracións festivas que se celebrarán no instituto como parte dun proxecto educativo preocupado polos valores: aproveitaránse as conmemoracións do calendario internacional para traballar contidos transversais. As principais efemérides que servirán para o tratamento da transversalidade nas titorías e nas materias son as seguintes (especificanse as actividades das efemérides do primeiro trimestre, xa deseñadas e algunhas postas en práctica):

26 de setembro: día das linguas. O martes día 27 grupos de alumnos e alumnas irán recorrendo as aulas para facer lecturas de poemas en distintas linguas do estado ante os diferentes grupos.



3ª semana de outubro: celebración dun magosto co alumnado do 1º ciclo de ESO. Actividade relacionada co Departamento de dinamización lingüística.

26-31 de outubro: Samaín. Realízanse diferentes actividades ao longo da semana organizadas polos Dptos. de Lingua castelá, Lingua galega, Normalización, Biblioteca, coa colaboración tamén do Club de Lectura. Estas actividades inclúen: lecturas literarias na Biblioteca, concurso de microrrelatos de terror en lingua galega, ornato do instituto con elementos físicos alusivos a estas datas, etc.

25 de novembro: día internacional para a eliminación da violencia contra a muller. Faráse un obradoiro cos alumnos do primeiro ciclo da ESO no que prepararán lemas sobre negro que serán expostos no instituto na véspera da celebración e nos días seguintes. Depto. responsable: orientación e normalización.

10 de decembro: día dos dereitos humanos. Exposición de frases e lemas realizados polo alumnado do primeiro ciclo de ESO.

30 de xaneiro: día da Paz.

8 de marzo: día da muller traballadora.

23 de abril: día do libro.

17 de maio: día das letras galegas.

5 de xuño: día mundial do Medio Ambiente.

Ademais destas datas, organizaráanse actividades para a celebración doutras efemérides e festividades: Entroido, Nadal. Nalgunha destas efemérides procuraráse a colaboración coas institucións locais (Concello, Deputación provincial, Xunta). Departamentos implicados: Orientación, Normalización e dinamización lingüística, plástica e departamentos de linguas.

G. Actividades da Biblioteca: inclúense as presentacións sobre uso da Biblioteca ao alumnado novo no centro (primeiros días de curso), as charlas entre os escritores e os alumnos de diversos cursos (principalmente da ESO), a organización dun club de lectura dirixido por Alejandra de la Iglesia Ramos, do Departamento de Lingua castelá (dirixido a todo o alumnado, pero principalmente formado por alumnado de 1º ciclo de ESO e integrado na rede de Clubes de lectura de institutos públicos da cidade, con cuxas actividades será colaborador), e as diversas actividades de fomento da lectura que se desenvolverán ao longo do curso (lecturas públicas de textos, semana do Samaín, concursos de relatos e microrrelatos.), conversacións con escritores. Departamentos implicados: dinamización da Biblioteca, normalización e dinamización da lingua galega, departamentos de linguas. Estas actividades intégranse tamén no Plan lector do centro.

H. Sendeirismo. En relación con determinadas datas sinaladas e con días lectivos especiais (fin de trimestre, antesala de épocas vacacionais, por exemplo) organizaráanse actividades de carácter lúdico-educativo destinadas a traballar contidos transversais: coñecemento do entorno natural, ecoloxía, relacións sociais, etc. Adicaráse, polo menos, un día enteiro a actividades polo día do deporte e unha xornada á práctica de sendeirismo cos rapaces en unha zona cercana a cidade (embalse de Cecebre). Temporalización: terceiro trimestre (mes de abril, día do deporte), terceiro trimestre (mes de xuño, actividade de sendeirismo). Departamentos implicados: Educación Física, dinamización da lingua galega, Ciencias.

I. Actividades na natureza: labores de mantemento, plantación de árbores e bulbáceas no xardín botánico de Elviña. Temporalización: todo o curso. Departamento implicado: Ciencias.

L. Dinamización lingüística: o Departamento de dinamización organizará ao longo do curso numerosas actividades de moi diverso tipo. Estas actividades están expostas no *Plan anual de actividades de*



dinamización dentro da Programación Xeral Anual e quedarán reflectidas na revista electrónica do centro (*Revista Xiada Dixital*) e na Memoria de actividades correspondente. Xa sinalamos algunhas destas actividades nos puntos anteriores. Facemos simplemente un reconto das máis importantes (as que implican desplazamento do centro):

- edición anual do *Correlingua*. Temporalización: 3º trimestre, no mes de Maio. Alumnado que vai: segundo ciclo de ESO. Dptos. implicados: Lingua Galega, Xeografía e Historia, Normalización.
- participación nas viaxes didácticas do *Proxecto Terra*, proxecto de análise e coñecemento do medio ambiente en relación cos seus valores socioculturais. Temporalización: no terceiro trimestre, no mes de Abril ou Maio. Afectará ao alumnado de 4º de ESO. Dptos. implicados: Xeografía e Historia, Normalización.
- intercambio co alumnado do instituto "Agra de Leborís" de Laracha. Temporalización: no terceiro trimestre. Afectará a un grupo de ESO (3º de ESO). Encontro con alumnado galegofalante dun entorno rural para confrontar dúas situacións sociolingüísticas diversas (urbán/semirural). Dptos. implicados: Normalización, Xeografía e Historia.

M. Concursos. Fomentarase a participación do alumnado en concursos externos (ONCE, Coca-Cola, etc.) e en concursos internos coordinados polos departamentos: concurso de relatos e microrrelatos, concurso gastronómico de postres ou comidas nacionais. Departamentos implicados: linguas, dinamización, Biblioteca.

N. Outras actividades, como actividades relacionadas coa interculturalidade (obradoiros sobre cultura xitana), actividades deportivas da ANPA para as que o centro cede as súas instalacións os venres (cursiño de patinaxe) e calquera outra actividade que, ao longo do curso, se propoña e da que non exista previsión no momento da validación do presente programa anual de actividades.